



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

DECRETO: CORRECCION DE ERROS NAS BASES REGULADORAS PRAZA TEMPORAL CONXERXE (SUBVENCIONS CONTATACIÓN PERSOAS MOZAS)

EXPEDIENTE: 2025/E001/000015

A Alcaldía deste concello por Resolución do 14/11/2025 aprobou as Bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura temporal a través de procedemento de concurso-oposición, de 1 posto de persoal laboral temporal empregado conxerxe (segundo o CNO 5833), así como a creación dunha bolsa de emprego na que se incluírán as persoas aspirantes non seleccionadas co fin de facer fronte a situacións de ausencias ou renuncia dentro do programa de concesión da subvención.

Advertindo un erro no Base Sexta_ Procedemento de Selección na Fase de Oposicon _Proba de galego, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que di que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos , compre proceder a rectificación das mesmas e así,

Onde di:

- Proba de galego. (Apto/Non Apto)

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 3 ou equivalente deberán facer o exame.

O exame consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

Debe dicir:

- Proba de galego. (Apto/Non Apto)

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 3 ou equivalente deberán facer unha proba según o criterio do Tribunal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
de Marzo)

Maria Barral Varela

O Secretario (Asinado aos efectos do art. 3.2 do RD 128/18, do 18

Adrián J. Márquez Caramés